

**LEMBRANZA** Santiago Prol recupera ó poeta vangardista de Maceda coa edición dun libro sobre a súa obra e actividade política no galeguismo

# Descubrir a Parente

● **autor bilingüe compartiu varios mítins con Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda e Alonso Ríos**

maré • Santiago


Para sacar do esquecemento ó poeta ourensán Xosé Lois Parente, o docente e investigador Santiago Prol presentou onte na Torre da homenaxe do castelo de Maceda un libro sobre a vida e a obra deste autor vangardista que compartiu mítins con Otero Pedrayo ou Alexandre Bóveda.

Baixo o título *Xosé Lois Parente, poeta e galeguista na II República*, o autor descobre a súa obra poética en galego, da que fai unha escolma, e en castelán. Como gran coñecedor da literatura galaico-portuguesa medieval, "o peso da tradición galaica e provenzal remanece nel" recolle o libro, no que o investigador compila dezaseis composicións de *Con Prisma Azul* (La Región, 1933) xunto con outros poemas que recuperou Prol. A exaltación patriótica, as paisaxes, o amor e o fantástico eran algunhas das temáticas nos versos de Parente. "A mágoa foi que non publicase outros volumes na lingua galega que tan vehementemente defendeu na etapa republicana" afirma Prol na publicación, que tamén inclúe algúns exemplos da súa produción en castelán que se centrou en versos "con connotacións nidianamente relixiosas, ensarilladas con acentos de corte amoroso" que deixaban ver "a súa militancia católica e a súa intensa campaña en prol daquela causa" explica o autor. O resto da súa obra achégase ao mundo urbano, "onde a muller semella conformarse como tema central", feito polo que dedicou versos "a bastantes damas" como Pilar Doménech, María Romero de Torres ou Maruxa París...

Aínda que intensificou a súa creatividade en galego coa chegada da II República, Parente pasou "á historia da nosa Literatura como un discreto autor que Carballo Calero incluíu na Xeración do Seminario ou que Álvaro Casas inseriu na corrente do Vangardismo" comenta Prol, quen relata no libro como dende finais de 1935 "lle perdemos a pista á súa creatividade poética en galego. Algún que outro poema en castelán moi no contexto da guerra e da guerra e logo a miseria ambiental, intelectual e moral dos anos 40".

Dende 1931 colaborou en *Heroldo de Galicia* e traballou como columnista político-ideolóxico na prensa ourensá. Neste semanario e no boletín mensual *Nós* foi publicando os seus poemas.

En canto á súa actividade política,



○ poeta e columnista Xosé Lois Parente, cuxa biografía e obra é recollida nun libro por Santiago Prol

## 'Irmandade'

Espertan as aldeas! Os tempos son chegados  
As mans dos trompetteiros apreixan os claríns!  
Un furacán de bronce levántase do agro!  
Os galos da alborada saúdan o porvir!  
E van as almas mizas turrando de Galiza,  
pisando vigorosas, tanguidas polo Sol.  
Á fronte as labaredas das testas escolleitas.  
Nos peitos descubertos sangrando os corazóns.  
Xa ruben os ilotas un ángulo ensonro,  
que ten azul e branco no vértice ideal!  
Xa sonan os martelos que fan no cume un trono,  
onde tomará asento a nai de Bregón!

## 'Indiferencia'

Eu vin dúas carrozas  
que levaban meu enterro,  
entre unhas filas de paxes  
portando palmas de negro.

Eu vin pasar miña alma  
cuberta de terciopelo.

Ti, asomada no bico  
dos varandais vermello,  
amosabas un sorriso  
de lousas de caramelo.

## A CERNA 'Kempis', o seu libro de cabeceira

Tendo a *Kempis, ou imitación de Cristo* como libro de cabeceira, Parente publicitou o seu compromiso católico chegando a preguntarse nunha columna dun xornal se os galeguistas poden ou non ser católicos e se os católicos poden ou non ser galeguistas. E chega a vindicar o catolicismo dentro da organización política á que pertence como bandeira afirmando que hai que "chamar ós irmáns cristiáns pra coller a tutela da Patria candoa sexa libre".

ca, foi un activo militante da corrente conservadora do Partido Galeguista. Despois de que o PG acordara a neutralidade no aspecto relixioso, a dereita galeguista fixo público en Pontevedra o seu programa cun apartado específico sobre Relixiosidade. A esta escisión uniuse o grupo de Ourense con Vicente Risco, Xosé Lois Parente e oito irmáns máis que asinarian un manifesto. Catro meses despois colaborarían na campaña do plebiscito estatutario cun matiz tradicionalista e confesional.

En 1934 compartiu mítins con Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda e Alonso Ríos, e este posicionamento galeguista obrigouno a trasladarse despois do 36 a Zaragoza. Na súa vila natal, Maceda, Xosé Lois Parente

te exerceu como funcionario de teléfonos, farmacéutico e avogado. Nado o 17 de febreiro de 1903 no seo dunha familia acomodada pasou a infancia educado nun ambiente en castelán. Parte dos seus estudos de bacharelato realizounos en Córdoba, logo cursou en Compostela Farmacia e contactou co mundo galeguista arredor das Irmandades e do Seminario de Estudos Galegos. Tamén estudou Dereito en Valladolid e na etapa republicana deu conferencias sobre o dereito consuetudinario galego en foros nacionalistas. Otero Pedrayo chegou a afirmar sobre oel que "a nosa lingua precisa de poetas como Parente, como a grouma verdecente da donda caricia das orballesiras". ●